

RESOLUCIÓN

CONCESIÓN DE SUBVENCIONS NOMINATIVAS A ENTIDADES DEPORTIVAS POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIONS DEPORTIVAS MUNICIPAIS. BASE 29ª DO ORZAMENTO DE 2025.

Antecedentes de feito:

1ª.- Decreto da Alcaldía n.º 2082/2024, de data 19/07/2024, ditado en avocación da competencia delegada en Xunta de Goberno Local por Decreto n.º 1646/2023, do 22/06/2023, en expte. 2024/G003/002203, no que se acordou aprobar a convocatoria de asignación de usos das instalacións deportivas municipais para a actividade física e deportiva de iniciativa privada co patrocínio municipal para a tempada 2024/2025.

2ª.- Bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de proxectos de actividade deportiva, que constitúen a adhesión ao convenio establecido nos arts. 5.4 e 7.6 da Ordenanza Fiscal nº 22 deste Concello, segundo establece a Disposición adicional cuarta das ditas bases, e as resolucións dos ditos procedementos de subvención incorporadas ao expediente da Área de Deportes, nas que se verifica a adhesión das entidades usuarias das instalacións comprendidas no presente informe.

3ª.- No Orzamento municipal para 2025 se contemplan subvencións nominativas, ao abeiro do previsto na Base Vixésima Novena, das Bases de Execución do Orzamento, en concreto, con cargo á aplicación orzamentaria 3410.48901 as seguintes subvencións nominativas:

	SUBV. FOMENTO DEPORTE: USO INSTALACIONES:	
3410.48901	AGRUPACIÓN DEPORTIVA FOGAR DA XUVENTUDE (CIF. ****6067*)	150.000,00
3410.48901	CLUB DE SALVAMENTO Y SOCORRISMO CARBALLO (****7191*)	120.000,00
3410.48901	BERGANTIÑOS F.C. (CIF. ****1677*)	108.000,00
3410.48901	ESCOLAS DE FÚTBOL LUIS CALVO SANZ (CIF. ****9458*)	34.000,00
3410.48901	ESCOLAS BALONMÁN XIRIA (CIF. ****4636*)	32.000,00
3410.48901	ESCOLA LUBIÁNS DE HOCKEY A PATÍNS (CIF. ****4932*)	19.000,00
3410.48901	ESCOLA BASKET XIRIA (CIF. ****4584*)	19.000,00
3410.48901	SOCIEDAD DEPORTIVA SOFÁN (CIF. ****0337*)	93.000,00
3410.48901	S.D. SAN LORENZO (CIF. ****2106*)	11.000,00
3410.48901	ASOCIACIÓN DEPORTIVA XIRIA VOLEI (CIF. ****1337*)	22.000,00
3410.48901	SOCIEDAD DEPORTIVA OZA (CIF. ****9776*)	15.000,00
3410.48901	CLUB BALONCESTO ARTAI (CIF. ****2667*)	6.000,00
3410.48901	ASOCIACION CULTURAL Y DEPORTIVA AWEN (CIF. ****3988*)	5.000,00
3410.48901	SALVAMENTO E SOCORRISMO BERGANTIÑOS VIRSAL (CIF. ****7648*)	4.000,00
3410.48901	A.D. MEDIA DUCIA	2.500,00
3410.48901	CLUB RITMICA PANGAEA CARBALLO (CIF. ****5081*)	3.000,00
3410.48901	LENDIA EDUCATIVA S.C.G. (CIF ****7944*)	2.000,00
3410.48901	CLUB RITMICA CARBALLO (CIF. ****1636*)	6.000,00

4ª.- Visto que é de interese xeral o fomento da actividade deportiva a través da utilización das instalacións deportivas municipais por parte do tecido asociativo -clubes, ANPAS, e outras entidades- para fomentar a saúde pública a través da práctica do deporte, en cumprimento do previsto na Lei galega do Deporte.

CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



Expte.2025/G003/004099

5º.- Visto o informe de utilización de instalacións emitido o 16/12/2025 por D. Francisco José Díaz del Valle, Xefe do Servizo de Instalacións Deportivas da Área de Deportes do Concello, que contén a relación de entidades que teñen utilizado as I.D.M. na tempada 2024-2025 -de setembro de 2024 a agosto de 2025-, amparadas no previsto no art. 5.4 e 7.6 da Ordenanza Fiscal nº 22, reguladora das taxas pola utilización das instalacións deportivas municipais.

6º.- Visto que xa está xustificada a utilización das instalacións por parte dos beneficiarios das subvencións antes citadas previstas na Base 29ª do Presuposto Municipal.

7º.- Decreto da Alcaldía n.º 3886/2025, do 16/12/2025, no que se teñen aprobado as liquidacións pola utilización das instalacións deportivas municipais polas entidades deportivas do municipio, tras informe favorable do Xefe do Servizo de Xestión e Inspección Tributaria e Catastral do Concello de data 16/12/2025.

Aos que resultan de aplicación os seguintes

Fundamentos xurídicos:

Primeiro.- Arts. 5.4 e 7.6 da Ordenanza Fiscal n.º 22 do Concello, reguladora das taxas pola utilización das instalacións deportivas municipais.

Segundo.- Base 29.2 das Bases de Execución do Presuposto xeral do Concello para o 2025.

Terceiro.- Réxime de bases de uso das I.D.M., e actividade de fomento da práctica do deporte para a mellora da saúde pública.

Cuarto.- Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Carballo, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia e na demais normativa administrativa reguladora das axudas e subvencións públicas.

Quinto.- Art. 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, reguladora do réxime xurídico das AA.PP.

Vista a proposta da concelleira-delegada de Facenda, de data 19/12/2025, fiscalizada favorablemente pola Interventora municipal na mesma data, en virtude das atribucións que me confire o art. 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

RESOLVO:

Primeiro.- Avogar a competencia de concesión de subvencións -delegada na Xunta de Goberno Local por Decreto da Alcaldía nº 2994/2025, do 13/10/2025, no seu dispositivo segundo, apartado 5, parágrafo terceiro-, no relativo exclusivamente a este procedemento, por motivo da urxencia da concesión das mesmas para a súa compensación coas taxas polo uso de instalacións segundo o réxime especial previsto na Ordenanza Fiscal nº 22 deste Concello, e a súa imputación ao exercicio corrente, ao abeiro do previsto no art. 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, reguladora do réxime xurídico das AA.PP.

Segundo.- Conceder as seguintes subvencións ás entidades que se relacionan, con cargo á aplicación orzamentaria 3410.48901, para o fomento da utilización das instalacións deportivas municipais por parte do tecido asociativo -clubes, ANPAS, e outras entidades correspondentes á tempada 2024/2025:

	SUBV. FOMENTO DEPORTE: USO INSTALACIONES:	
--	--	--

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



Expte.2025/G003/004099

3410.48901	AGRUPACIÓN DEPORTIVA FOGAR DA XUVENTUDE (CIF. ****6067*)	147.341,25 €
3410.48901	ASOCIACION CULTURAL Y DEPORTIVA AWEN (CIF. ****3988*)	3.368,00 €
3410.48901	ASOCIACIÓN DEPORTIVA XIRIA (CIF. ****1337*)	21.455,00 €
3410.48901	BERGANTIÑOS F.C. (CIF. ****1677*)	105.937,50 €
3410.48901	CLUB BALONCESTO ARTAI (CIF. ****2667*)	5.647,50 €
3410.48901	CLUB DE SALVAMENTO Y SOCORRISMO CARBALLO (****7191*)	118.901,25 €
3410.48901	CLUB RITMICA CARBALLO (CIF. ****1636*)	5.968,00 €
3410.48901	CLUB RITMICA PANGEA CARBALLO (CIF. ****5081*)	2.936,00 €
3410.48901	ESCOLA BASKET XIRIA (CIF. ****4584*)	17.336,50 €
3410.48901	ESCOLA LUBIÁNS DE HOCKEY A PATÍNS (CIF. ****4932*)	18.257,00 €
3410.48901	ESCOLAS BALONMÁN XIRIA (CIF. ****4636*)	30.743,50 €
3410.48901	ESCOLAS DE FÚTBOL LUIS CALVO SANZ (CIF. ****9458*)	31.712,50 €
3410.48901	S.D. SAN LORENZO (CIF. ****2106*)	10.730,00 €
3410.48901	SOCIEDAD DEPORTIVA OZA (CIF. ****9776*)	14.490,00 €
3410.48901	SOCIEDAD DEPORTIVA SOFÁN (CIF. ****0337*)	87.558,75 €
3410.48901	SALVAMENTO E SOCORRISMO BERGANTIÑOS VIRSAL (CIF. ****7648*) VIRGENTIS	3.600,00 €
3410.48901	LENDIA EDUCATIVA S.C.G.	1.980,00 €
	TOTAL	627.962,75 €

Terceiro.- As referidas subvencións non serán obxecto de abono efectivo aos interesados, senón que serán obxecto de compensación, logo de seren recoñecidas na presente, en resolución posterior á mesma, coas taxas polo uso que das instalacións se teñen devengado polos beneficiarios-suxeitos pasivos, en cumprimento do réxime previsto no art. 7.6 da Ordenanza Fiscal nº 22 deste Concello, reguladora das taxas pola utilización das instalacións deportivas municipais.

Cuarto.- Para o non previsto nesta resolución de concesión será de aplicación o disposto na ordenanza xeral de subvencións do Concello de Carballo, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia e na demais normativa administrativa reguladora das axudas e subvencións públicas.

Quinto.- Déase conta da presente Resolución á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que celebre con posterioridade á mesma, ao se tratar da avocación de competencias delegadas nese órgano.

O ALCALDE,
José Daniel Pérez López

A SECRETARIA,
Marina Núñez Orjales

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.